



# Boletín Oficial

## Provincia de Ourense



N.º 136 · Xoves, 17 xuño 2021

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

### SUMARIO

#### III. COMUNIDADE AUTÓNOMA

Consellería de Emprego e Igualdade  
Xefatura Territorial de Ourense

Convenio colectivo da empresa Apetamcor 2021-2023..... 2

#### IV. ENTIDADES LOCAIS

##### Barbadás

Bases reguladoras para a creación dunha bolsa de traballo para posto de conserxes..... 14

##### Barco de Valdeorras (O)

Aprobación definitiva do expediente de modificación de crédito 2/2021..... 24

##### Castrelo do Val

Convocatoria e bases de selección para a contratación laboral temporal dun/dunha axudante de oficina e servizos xerais..... 24

##### Gudiña (A)

Exposición pública da conta xeral do exercicio económico de 2020..... 25

##### Leiro

Convocatoria e bases de selección para contratación laboral temporal de 1 xefe/a de brigada, 1 peón/peoa condutor/a e 3 peóns/peoas para as brigadas forestais..... 25

##### Merca (A)

Proposta de nomeamento das persoas candidatas seleccionadas para varios postos do cadro laboral fixo..... 25

##### Ourense

Exposición pública da aprobación inicial do expediente de modificación orzamentaria 008-T/2021..... 26

Delegación temporal das funcións do alcalde..... 26

##### San Amaro

Convocatoria e bases de selección para a contratación laboral temporal de 1 xefe/a de brigada, 1 peón/peoa condutor/a e 3 peóns/peoas para as brigadas forestais..... 27

##### Sarreaus

Convocatoria e bases de selección para a contratación laboral temporal de 2 xefes/as de brigada, 2 condutores/as e 6 peóns/peoas..... 27

##### Viana do Bolo

Exposición pública da aprobación inicial do Plan municipal de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes..... 28

##### Mancomunidade Municipal Conso-Frieiras

Exposición pública da aprobación inicial da conta xeral do exercicio económico 2020..... 28

#### III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

Consellería de Empleo e Igualdad  
Jefatura Territorial de Ourense

Convenio colectivo de la empresa Apetamcor 2021-2023..... 8

#### IV. ENTIDADES LOCALES

##### Barbadás

Bases reguladoras para la creación de una bolsa de trabajo para el puesto de conserjes..... 19

##### Barco de Valdeorras (O)

Aprobación definitiva del expediente de modificación de crédito 2/2021..... 24

##### Castrelo do Val

Convocatoria y bases de selección para la contratación laboral temporal de un/una ayudante de oficina y servicios generales..... 24

##### Gudiña (A)

Exposición pública de la cuenta general de ejercicio económico de 2020..... 25

##### Leiro

Convocatoria y bases de selección para contratación laboral temporal de 1 jefe/a de brigada, 1 peón/a condutor/a y 3 peones/as para las brigadas forestales..... 25

##### Merca (A)

Propuesta de nombramiento de las personas candidatas seleccionadas para varios puestos del cuadro laboral fijo..... 26

##### Ourense

Exposición pública de la aprobación inicial del expediente de modificación presupuestaria 008-T/2021..... 26

Delegación temporal de las funciones del alcalde..... 27

##### San Amaro

Convocatoria y bases de selección para la contratación laboral temporal de 1 jefe/a de brigada, 1 peón/a condutor/a y 3 peones/as para las brigadas forestales..... 27

##### Sarreaus

Convocatoria y bases de selección para la contratación laboral temporal de 2 jefes/as de brigada, 2 conductores/as y 6 peones/as..... 27

##### Viana do Bolo

Exposición pública de la aprobación inicial del Plan municipal de igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres..... 28

##### Mancomunidad Municipal Conso-Frieiras

Exposición pública de la aprobación inicial de la cuenta general del ejercicio económico 2020..... 28



### III. COMUNIDADE AUTÓNOMA III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

#### Consellería de Emprego e Igualdade

##### Xefatura Territorial Ourense

Servizo de Emprego e Economía Social

Convenio ou acordo: Apetamcor

Antecedentes

1. O día 29-03-2021, a representación da Comisión Negociadora do Convenio colectivo da empresa Apetamcor presenta, por medios electrónicos, a solicitude de inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo e Plans de Igualdade da Comunidade Autónoma de Galicia do convenio colectivo da citada empresa, para o período de vixencia dende 01/01/ 2021 ata 31/12/2023, do referido convenio.

Xunto coa solicitude, achégase, a seguinte documentación, entre outra:

- A acta de acordo e sinatura do convenio subscrito pola parte empresarial; Apetamcor e pola representación dos traballadores (centrais sindicais: UXT), o 23-03-2021

2. No acordo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e súas cláusulas non conteñen estipulacións en prexuízo de terceiros.

Consideracións legais

Primeiro: a competencia para resolver este expediente vén determinada a favor desta xefatura territorial polo establecido no Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo (BOE 232, do 28 de setembro de 1982); polo Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e polo Real decreto 901/2020, do 13 de outubro, polo que se regulan os plans de igualdade e o seu depósito e se modifica o Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo (BOE 272, do 14 de outubro de 2020).

Segundo: o artigo 90.2 e 3 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores (BOE 255, do 24 de outubro de 2015), faculta a autoridade laboral competente en orde ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos acordos colectivos pactados no ámbito da súa competencia en concordancia co establecido no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo.

Analizados os preceptos citados e demais de xeral aplicación, esta xefatura territorial acorda:

Primeiro. Ordenar a súa inscrición e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo e Plans de Igualdade da Comunidade Autónoma de Galicia e notificación á representación empresarial e social da Comisión Negociadora.

Segundo. Dispoñer a súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia”.

Convenio colectivo Apetamcor 2021-2023

Capítulo I.- Extensión

Artigo 1.- Ámbito funcional e territorial.

Este convenio colectivo é de aplicación a todas as empresas pertencentes ao grupo Apetamcor, situado na provincia de Ourense.

Artigo 2.- Ámbito persoal.

O convenio afecta a todo o persoal que preste os seus servizos na empresa mediante contrato laboral, calquera que fosen as súas funcións. Exclúense:

A actividade que se limite, pura e simplemente, ao mero desemprego do cargo de conselleiro ou membro do órgano de administración cando a súa actividade na empresa só comporte a realización de labores inherentes a tal cargo.

O persoal técnico a quen se encomende algún servizo determinado, sen continuidade no traballo nin suxeición á xornada, que non figure en persoal por ser a súa contratación civil ou mercantil.

Capítulo II.- Vixencia, duración e prórroga

Artigo 3.- Vixencia.

O convenio entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2021, desde cuxa data producirá plenos efectos, sendo a súa duración de tres anos, finalizando o 31 de decembro de 2023.

Artigo 4.- Prórroga.

Ao cumprir a data do seu vencemento, o convenio colectivo entenderase prorrogado tacitamente de ano en ano, se non mediase denuncia por escrito de calquera das partes con dous meses, como mínimo, de antelación á data prevista para a súa expiración.

Non obstante, denunciado en tempo e forma, seguirase aplicando ata que se pacte o novo convenio que o substitúa ou se dite por quen corresponda resolución pertinente.

Artigo 5.- Revisión.

Calquera das representacións que son parte no convenio poderá exercer o seu dereito a pedir a súa revisión cando a promulgación de disposicións legais afecte en forma esencial ao contido normativo do convenio.

Capítulo III.- Compensación, e absorción

Artigo 6.- Compensación e absorción.

Todas as melloras económicas e de traballo establecidas no convenio serán compensables e absorbibles, en cómputo anual e ata onde alcancen, con todas aquelas melloras voluntarias que teña concedidas o persoal tanto se son aboadas en metálico ou en especie, ou incentivos sobre resultados da empresa, así como as producidas ou as que se produzan en disposicións legais a partir da data de entrada en vigor do convenio.

Respecto daquelas persoas que perciban melloras sobre as establecidas neste convenio, a empresa non estará obrigada a aplicar as subidas que se fixen no convenio, salvo a contía necesaria para suplir diferenzas se estas existisen.

Artigo 7.- Garantía persoal.

Respectaranse as situacións persoais que excedan do convenio.

Artigo 8.- Vinculación á totalidade.

As condicións pactadas neste convenio forman un todo orgánico e indivisible, polo que ambas as partes obríganse ao respecto da totalidade das estipulacións.

Capítulo IV.- Comisión Mixta

Artigo 9.- comisión paritaria.

Constitúese unha comisión paritaria como órgano de interpretación, e vixilancia do pactado no convenio, formada por unha persoa en representación da empresa e o delegado de Persoal. O domicilio da Comisión Paritaria será Polígono Ind. San Cibrao das Viñas, rúa 7B 32901 San Cibrao das Viñas, Ourense. As funcións da Comisión Paritaria serán as seguintes:

a) Interpretación da aplicación de todas as cláusulas do convenio.

b) Mediación e conciliación en todas as cuestións que as partes sometan á súa consideración e que se deriven da aplicación do convenio.

c) Vixilancia do cumprimento do pactado no convenio.

d) Calquera outra non sinalada nos apartados anteriores, imposta polo establecido na legalidade vixente.

A dita comisión reunirse no prazo máximo de 4 días cando así o solicite calquera das partes, para decidir sobre as cuestións que en cada momento lle sexan expostas, debendo resolver nun prazo máximo de 15 días.

Artigo 10.- Cláusula de submisión ao AGA.

Ante a importancia da resolución pacífica dos conflitos laborais, as partes asinantes acordan acollerse aos procedementos vixentes en cada momento na lexislación laboral, para liquidar de maneira efectiva as discrepancias que poidan xurdir para a non aplicación das condicións de traballo a que fai referencia o Estatuto dos Traballadores. Ambas as partes acordan someterse ao AGA nos propios termos nos que está formulado.

Capítulo V.- Organización e condicións de traballo

Artigo 11.- Disposicións xerais.

A organización, programación e distribución do traballo é facultade exclusiva da empresa, correspondéndolle segundo as necesidades do servizo e do momento, a creación e determinación dos grupos e departamentos, así como a clasificación de servizos que se estimen convenientes para optimizar os recursos materiais da organización.

Capítulo VI .- Do persoal

Artigo 12.- Clasificación.

O persoal clasificarase en grupos profesionais en atención ás funcións que se desenvolven de conformidade coas definicións que se detallan nos artigos seguintes.

A estrutura profesional que se define ten por obxecto conseguir unha organización racional e eficiente dos recursos humanos.

Artigo 13.- Tarefas e funcións por categoría profesional.

Enténdese por función, para os efectos do convenio, a tarefa propia de cada persoa.

Enténdese por grupo profesional o que agrupa as aptitudes profesionais, titulacións e contido xeral da prestación, incluíndo distintas funcións ou especialidades profesionais, previa realización, de cursos de formación, se fosen necesarios.

O sistema de clasificación profesional será a base sobre a que se regulará a mobilidade funcional e os seus distintos supostos.

Artigo 14.- Aspectos básicos de clasificación:

O sistema de clasificación profesional establécese, atendendo aos criterios que o artigo 22 do Estatuto dos traballadores fixa para a existencia do grupo profesional: aptitudes profesionais, titulacións e contido xeral da prestación, incluíndo en cada grupo tanto distintas funcións como especialidades profesionais.

A clasificación profesional realízase en grupos profesionais. O persoal en función do posto de traballo que desenvolvan, serán adscritos a un dos grupos profesionais. Esta adscrición, definirá a súa posición no esquema organizativo e retributivo.

A posesión por parte dunha persoa de todas ou algunha das competencias representativas dun grupo profesional determinado, non implica necesariamente a súa adscrición a este, senón que será necesario que o seu posto de traballo exixa a posesión desas competencias e sexan exercidas de forma efectiva.

Os factores que inflúen na clasificación profesional e que, por tanto, determinan a adscrición nun determinado grupo profesional, son os que se definen a continuación, seguindo os criterios determinados no art. 22 do Estatuto dos traballadores:

a) Autonomía: valora o grao de dependencia xerárquica no desempeño das funcións ou tarefas que se desenvolven.

b) Iniciativa: valora o nivel de suxeición do posto de traballo a directrices e normas para a execución da función que se desenvolva.

c) Responsabilidade: valora o grao de influencia sobre os resultados da función desenvolvida.

d) Formación: factor para cuxa valoración se terá en conta o conxunto de coñecementos, experiencia e habilidade requiridos para o desempeño normal dun posto de traballo, referidos a unha función ou actividade empresarial. Este factor está integrado por:

e) Titulación: considera o nivel de coñecementos oficialmente recoñecidos que debe posuír unha persoa para desempeñar o posto de traballo.

f) Especialización: considera a esixencia de coñecementos especializados ou complementarios á formación inicial básica.

g) Complexidade: valora o grao de integración do conxunto de factores antes mencionados para a execución das funcións propias do posto de traballo.

Artigo 15.- Grupos profesionais.

Os grupos profesionais, e dentro deles as tarefas ou labores descritos neles, non supoñen a obrigación de ter provistos todos e cada un dos devanditos labores que se enuncian se a necesidade e o volume da empresa non o requiren. Para estes mesmos efectos, os labores descritos en todos e cada un dos grupos profesionais teñen un carácter meramente enunciativo, non limitativo, e deben servir de referencia para a asignación de postos análogos que xurdan con posterioridade e como consecuencia de cambios tecnolóxicos.

Para determinar o nivel de cualificación terase en conta o grao de coñecementos, tanto pola formación básica adquirida como pola experiencia acumulada na empresa, así como a autonomía no desenvolvemento do seu traballo. Para estes efectos, para promocionar dun nivel ao inmediatamente superior requirírase traballar durante un período determinado no nivel de procedencia, así como a realización das accións formativas que expresamente se determinen nos casos en que a empresa o estime necesario, e o informe favorable do responsable.

Os grupos profesionais son os seguintes:

A título enunciativo e non limitativo enuméranse funcións ou actividades para desenvolver polo persoal e que serán as seguintes:

Grupo I. Persoal titulado.

Integran este grupo o persoal en posesión do título académico de grao superior ou medio homologado oficialmente e que están vinculados laboralmente á empresa en razón do título que posúen, para exercer funcións específicas a que o devandito título os habilita ou aquelas misións que lles sexan atribuídas sempre que presten os seus servizos con carácter exclusivo a unha retribución salarial e sen suxeición á escala habitual de honorarios da súa profesión.

Neste grupo profesional inclúense a título enunciativo todas aquelas actividades que, por analogía, son asimilables ás seguintes:

a) Coordinación, supervisión, ordenación e/ou dirección de traballos heteroxéneos ou do conxunto de actividades dentro dunha área de actividade, servizo ou departamento.

b) Funcións consistentes en planificar, ordenar e supervisar unha área, servizo ou departamento con responsabilidades sobre resultados e execución desta.

c) Tarefas de dirección técnica de alta complexidade e heteroxeneidade con elevado nivel de autonomía e iniciativa dentro do seu campo en funcións de investigación, control de calidade, definición de procesos construtivos, administración, asesoría xurídica laboral e fiscal, etcétera.



d) Áreas técnicas de moi alta complexidade e polivalencia co máximo nivel de autonomía e iniciativa dentro do seu campo, podendo implicar asesoramento nas decisións fundamentais da empresa.

e) Responsabilidade e dirección da explotación de redes localizadas de servizos informáticos sobre o conxunto de servizos de procesos de datos en unidades de dimensións medias.

Dentro deste grupo distínguense 2 niveis:

Nivel 1 - Dirección xeral

Nivel 2 - Dirección de Departamento

Grupo II. Administración

- Responsable de departamento, coordinador/a e/ou xefe/a administración: adscribese a esta categoría ao persoal, con ou sen poderes, directamente dependente de Dirección ou Xerencia, con capacidade de organización e responsabilidade de dúas ou máis departamentos ou sucursal, dentro do marco organizativo da empresa.

- Oficial primeira: adscribese a esta categoría o persoal que actuando ás ordes do responsable de departamento con coñecementos suficientes, realiza coa máxima corrección traballos que requiren iniciativa e responsabilidade, dentro das materias propias do trámite de xestión.

- Oficial segunda: adscribese a esta categoría o persoal que con iniciativa e responsabilidade restrinxida e subordinado en todo caso ao profesional titular do departamento ou ao oficial de primeira, se o houbese, realiza trámites e traballos de orde administrativa, que requiren coñecementos da técnica administrativa, desenvolvendo tarefas de xestión ante as administracións públicas.

- Auxiliar administrativa/ou: adscribese a esta categoría o persoal que se dedica a operacións elementais administrativas e de ofimática, tales como arquivo, introdución de datos en computadores, liquidacións en máquinas e, en xeral, as puramente mecánicas inherentes ao traballo, podendo realizar xestións que non requiren coñecementos específicos, telefonistas e recepcionistas, están asimilados á categoría de auxiliar administrativa/o.

Grupo III. Servizos.

Persoal subalterno: terá esta categoría o persoal subalterno, cuxa misión consiste en facer recados dentro e fóra da oficina, recoller e entregar correspondencia, así como outros traballos de índole secundaria, ordenados polos seus xefes, excluídos aqueles que correspondan a outras categorías de índole superior, datar ou selar o correo e traballos análogos aos especificados de carácter elemental. Terá ao seu cargo o control da limpeza, orde e conservación dos locais.

Persoal de limpeza: adscribese a esta categoría ao persoal que se ocupa da limpeza nos locais da empresa.

Grupo I

Dirección xeral

Director de departamento

Grupo II

Responsable de área

Oficial 1.ª.

Oficial 2.ª.

auxiliar administrativo

Grupo III

Persoal subalterno

Persoal de limpeza

Artigo 16.- Períodos de proba, formación laboral e traballo en prácticas, cesamentos e xubilacións

As contratacións do persoal consideraranse provisionais durante un período de proba que, en ningún caso, poderá exceder do que se sinala na seguinte escala:

Titulados técnicos: 6 meses.

Resto do persoal: 3 meses.

Durante este período, calquera das partes poderá desistir do contrato sen aviso previo, sen que ningunha das partes teña por iso dereito a indemnización.

En todo caso, a persoa terá dereito ao cobro, durante o período de proba, da retribución correspondente ao nivel profesional do traballo encomendado.

Logo de finalizado o período de proba, a persoa pasará a figurar no persoal da empresa, e o período de proba computará para os efectos de antigüidade. A situación de incapacidade temporal, en calquera das súas continxencias non interromperá o período de proba.

Contrato para a formación. O contrato para a formación terá por obxecto a adquisición da formación teórica e práctica necesaria para o desempeño adecuado dun oficio ou dun posto de traballo dos contemplados no ámbito funcional do convenio, que requira un determinado nivel de cualificación.

Os contratos para a formación terán unha duración mínima de 6 meses e máxima de 3 anos. O devandito contrato rexerese, no non previsto neste artigo, pola normativa xeral vixente en cada momento.

Organización de cursos.- A empresa poderán organizar cursos de formación por persoal especializado, ou enviar ao persoal a centros preparados para ese efecto.

O persoal deberá colaborar coas medidas que adopte a empresa e esta informará ao delegado de persoal sobre o contido e o desenvolvemento destas, podendo presentar as suxestións que considere interesantes para o mellor cumprimento dos fins propostos.

Artigo 17.- Mobilidade no persoal

Co obxecto de obter unha mellor organización do traballo, a empresa poderá encomendar a unha persoa de forma provisional e cando as circunstancias do traballo así o determinen, cometidos doutras categorías a condición de que estean encadradas no mesmo grupo profesional e, excepcionalmente, doutro grupo. Neste último caso polo tempo necesario e imprescindible.

En ambos os casos daráselle conta ao delegado de persoal, con anterioridade á adopción da medida acreditándoo de forma suficiente. Se as funcións atribuídas corresponden a categorías superiores, aboaranse as diferenzas salariais existentes entre ambas as categorías polo tempo en que se exerceron estas funcións. No caso de que as funcións correspondan a categorías inferiores, respectarase o salario correspondente á categoría superior, e tan só poderá levarse a cabo polo tempo indispensable.

Artigo 18.- Baixa voluntaria

A persoa que desexe cesar voluntariamente na empresa estará obrigada a poñelo en coñecemento desta, por escrito, cumprindo os seguintes prazos de aviso previo:

Técnicos, administrativos e comercial: 1 mes.

Resto do persoal: 15 días.

Servizos xerais e en formación laboral: 7 días.

O incumprimento da obriga de avisar previamente coa indicada antelación dará dereito á empresa a descontar da liquidación o importe por cada día de atraso no aciso previo.

Capítulo VII .- Retribucións salariais e extrasalarais.

Artigo 19.- Salario

Os salarios, establecidos no convenio colectivo teñen o carácter de mínimos. En 2021, as persoas incluídas no ámbito funcional do convenio percibirán os salarios consignados no anexo I.

En 2022, os salarios incrementaranse nun 0.75% respecto dos de 2021.

En 2023, os salarios incrementaranse nun 1% respecto dos da anualidade anterior.

**Artigo 20.- Gratificacións extraordinarias**

Establécense dúas gratificacións extraordinarias ao ano, en xullo e decembro, en contía equivalente a unha mensualidade cada unha delas, a súa contía percibirase rateada nas doce mensualidades.

**Artigo 21.- Premio antigüidade**

O persoal que cumpra quince anos de antigüidade en calquera das empresas incluídas no ámbito funcional do convenio terá dereito a percibir ese ano unha gratificación de 600 €. As persoas que cumpran 25 anos de antigüidade percibirán ese ano unha gratificación de 1.200 €. O aboamento desta paga realízase na nómina de xullo do ano no que cumpran a indicada antigüidade na empresa.

O persoal que á entrada en vigor do convenio, cumprise 15 ou 25 anos de antigüidade na empresa, percibirá a gratificación que corresponda en cada caso.

**Artigo 22.- Conceptos extrasalariais**

O persoal que por orde expresa da empresa se vexa obrigado a realizar viaxes ou traballos de carácter profesional por conta e baixo a dependencia da empresa, con desprazamentos a lugares distantes do centro de traballo e que imposibiliten o seu regreso e sexa preciso efectuar comidas fóra do seu domicilio habitual, ou teñan necesidade de desprazarse a localidades onde tamén esixa a misión encomendada unha permanencia que obligue a pasar a noite, terán dereito ao cobro de gastos orixinados de acordo coa empresa e unha vez xustificadas.

Cando o traballador, por necesidade da empresa e a requirimento desta, tivese que desprazarse utilizando o seu propio vehículo, recibirá da devandita empresa a cantidade de 0,19 euros por quilómetro.

**Artigo 23.- Póliza de seguros**

Establécese unha póliza de seguros por falecemento ou invalidez permanente en grao de absoluta, total ou gran invalidez, derivadas de accidente de traballo para cada un dos traballadores aos que lles afecta este convenio de 25.000 euros.

**Artigo 24.- Cláusula de inaplicación (descolgue).**

De conformidade co establecido no artigo 82.3 do Estatuto dos traballadores, (ET), cando concorran causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, por acordo entre a empresa e os representantes dos traballadores, poderase proceder, tras o desenvolvemento previo dun período de consultas (o previsto para a modificación de condicións substanciais de traballo de carácter colectivo), inaplicar na empresa as condicións de traballo previstas no convenio colectivo aplicable, sexa este de sector ou de empresa, que afecten ás seguintes materias:

- Xornada de traballo.
- Horario e a distribución do tempo de traballo.
- Réxime de traballo a quendas.
- Sistema de remuneración e contía salarial.
- Sistema de traballo e rendemento.
- Funcións, cando excedan dos límites previstos para a mobilidade funcional.

Nos supostos de ausencia de representación legal dos traballadores na empresa, estes poderán atribuír a súa representación a unha comisión designada conforme co disposto no artigo 41.4 do ET.

Poderase inaplicar o réxime salarial previsto neste convenio, cando a situación e perspectivas económicas de calquera empresa afectada por este puidesen verse danadas como consecuencia de tal aplicación, afectando as posibilidades de mantemento do emprego nela.

A solicitude de descolgue iniciará o empresario, quen a comunicará á representación unitaria e sindical ou na súa

ausencia, á comisión de traballadores designados segundo o previsto no artigo 41.4 do Estatuto dos traballadores.

Tras un período de consultas de quince días, as representacións da empresa e os traballadores adoptarán a resolución que proceda, que se comunicará á comisión paritaria deste convenio para a súa constancia.

O acordo de inaplicación deberá determinar con exactitude as novas condicións de traballo aplicables á empresa e a súa duración, que non poderá prolongarse máis aló do momento en que resulte aplicable un novo convenio na devandita empresa.

**Capítulo VIII****Xornada laboral e descanso****Artigo 25.- Xornada de traballo**

A xornada laboral con carácter xeral será de 40 horas semanais de traballo efectivo no inverno e 35 horas semanais do 15 de xuño ao 15 de setembro, respectando un descanso semanal de día e medio ininterrompido.

No primeiro trimestre do ano, elaborárase, o calendario laboral, que conterá os días laborables, a xornada, vacacións e festivos. O calendario deberá exporse no taboleiro de anuncios.

Se por necesidade da empresa se excedese a xornada laboral establecida, as horas resultantes poderán acumularse para a súa compensación en descanso, que se producirá na tarde anterior a unha festa local ou a tarde dun venres e nas datas que as partes acorden, no caso de que fosen máis as horas obxecto de compensación.

Cando por necesidades imprevistas e conxunturais de traballo, a empresa necesitase modificar os días de traballo xa establecidos no calendario laboral e iso afectase a días considerados, no devandito calendario, como festivos ou non laborables, poderá establecer a Dirección desta unha xornada de traballo durante os citados días, comunicándoo con dous días laborables previos.

Os días 24 e 31 de decembro serán repartidos entre o persoal, de tal modo que a metade do persoal goce como día libre o 24 de decembro e a outra metade o 31 de decembro. A empresa decidirá que persoas quedan adscritas a cada un destes días para o seu goce. O horario do 24 e 31 de decembro será para todo o persoal de 8:30 a 14:00 horas e o 5 de xaneiro todo o persoal traballará en horario de mañá de 8.30 a 16:00 horas.

A asistencia á asemblea xeral ou a outro evento en sábado, domingo ou festivo que ocupe unha mañá ou tarde completa (mínimo 5 horas) será compensada cun día libre.

**Artigo 26.- Permisos retribuídos**

Considéranse permisos regulamentarios retribuídos os seguintes:

- Por matrimonio: 15 días naturais ininterrompidos.
- Por matrimonio de pais, fillos ou irmáns, un día natural, que haberá de coincidir coa data de celebración daquel.
- Por nacemento ou adopción de fillos: nos supostos de nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, de acordo con o artigo 45.1.d) do Estatuto dos traballadores.
- Por accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario, do cónxuxe, pais, pais políticos, fillos e irmáns: ata dous días naturais.
- Por falecemento de cónxuxe, pais, fillos, irmáns: 3 días naturais.
- Por falecemento de avós, cuñados, tíos, xenros, noras e pais políticos: 1 día natural.
- Para o cumprimento de deberes públicos, sindicais e asistencia obrigatoria a Tribunais de Xustiza, aboarase o permiso de acordo coas disposicións legais vixentes e polo tempo preciso para iso, segundo estas.



h) Por traslado do domicilio habitual: un día natural.

i) Para asistencia a consulta médica, o tempo que sexa necesario, achegando xustificación.

j) Para levar ao médico a fillos menores de 6 anos ou ascendentes maiores de 65 anos ou dependentes a cargo, o tempo que sexa necesario, achegando xustificación.

k) Por permiso para a lactación dun fillo menor de nove meses, as traballadoras que sexan nais e no seu caso, os pais, terán dereito a unha hora de redución da súa xornada diaria que poderán usar tamén de forma fraccionada ou acumulada para a súa goce semanal ou mensual. Así mesmo, poderase optar por acumular total ou parcialmente o número de horas de permiso por lactación e gozalas de forma ininterrompida a continuación da baixa por maternidade.

l) Asuntos propios sen necesidade de xustificación: 2 días hábiles

A empresa poderá esixir os xustificantes oportunos dos feitos que dean lugar á concesión destes permisos.

#### Artigo 27.- Vacacións

O persoal gozará de 23 días de vacacións que serán laborables, polo menos dúas semanas completas (consecutivas ou alternas) gozaranse entre o 15 de xuño e o 15 de setembro coincidindo coas semanas da xornada de verán e outorgaranse de acordo coas necesidades do servizo. As outras dúas semanas tamén se deberán gozar completas. No caso de que haxa algún día festivo no medio da semana de vacacións, collerase o primeiro día hábil da seguinte semana en compensación do festivo. Como máximo 3 días de vacacións poderán gozarse por días libres ou soltos.

O día 30 de novembro de cada ano, a cada traballador debelle restar como máximo unha semana por consumir. A data límite para o goce das vacacións será o 28 de febreiro do ano seguinte. O que non exercite en prazo as súas vacacións, perderán o dereito a elas salvo por necesidades da empresa debidamente xustificadas e aprobadas pola Dirección.

As vacacións non poderán compensarse en metálico, en todo nin en parte. O persoal deberá coñecer as datas correspondentes ás súas vacacións dous meses antes do seu goce. No caso de falta de acordo entre o persoal para fixar a carteleira de vacacións, esta será fixada pola Dirección.

#### Artigo 28.- Horas extraordinarias

Son horas extraordinarias as que excedan da xornada pactada ou da distribución semanal que realice a empresa, a súa compensación realizarase en tempo de descanso debendo estar comprendido este dentro dos catro meses seguintes á súa realización. Son horas de forza maior e ordinaria, as seguintes:

a) De forza maior: as realizadas para previr ou reparar sinistros ou outros danos extraordinarios e urxentes, así como en caso de risco de perda de materias primas.

b) Ordinarias: son o resto das horas extraordinarias non especificadas anteriormente.

O traballador rexistrará as horas extraordinarias nos modelos facilitados para ese efecto pola empresa, debendo reportalas mensualmente á Dirección

#### Capítulo 10

##### Faltas e sancións

#### Artigo 29.- Faltas e as súas clases

Enténdese por falta toda acción ou omisión do traballador que supoña incumprimento dos deberes laborais dispostos polas disposicións vixentes e polo descrito neste convenio colectivo. As faltas clasifícanse en atención á súa transcendencia, importancia ou malicia, en leve, grave e moi grave.

A determinación de faltas de cada un dos grupos indicados que se efectúa nos artigos seguintes é meramente enunciativa

e non implica que non poidan existir outras, as cales serán clasificadas segundo a analogía que garden con aquelas.

#### Artigo 30.- Faltas leves

Serán faltas leves as seguintes:

1. Ata tres faltas de puntualidade na entrada ou saída do traballo, durante un período dun mes, superiores a dez minutos e inferiores a trinta.

2. Non cursar en tempo oportuno a baixa correspondente cando se falte ao traballo por motivos xustificadas, a non ser que se comprobe a imposibilidade de telo efectuado.

3. O abandono sen causa xustificada do servizo, aínda cando sexa por breve tempo. Se como consecuencia deste se causase prexuízo dalgunha consideración á empresa, ou fose causa de accidente, esta falta poderá ser considerada como falta grave ou moi grave, segundo os casos.

4. Pequenos descoidos na conservación do material.

5. Falta de aseo e limpeza persoal. Esta falta, en caso de persoal que realice tarefas de atención ao público poderá ser considerada grave.

6. Non atender ao público, persoal ou telefonicamente, coa corrección e dilixencia debida.

7. Non comunicar á empresa os cambios de residencia ou domicilio, así como os cambios das contas bancarias nas que estivese domiciliada a nómina.

8. As discusións cos compañeiros de traballo dentro das dependencias da empresa sempre que non sexan en presenza de terceiros. Se tales discusións producen escándalo notorio, poderán ser consideradas como faltas graves ou moi graves

9. Faltar ao traballo un día, nun mes, sen causa xustificada.

#### Artigo 31.- Faltas graves

Clasifícanse como faltas graves as seguintes:

1. Máis de tres faltas non xustificadas de puntualidade no traballo cometidas durante un período de trinta días.

2. Faltar dous días ao traballo, nun mes, sen falta xustificada.

3. Non comunicar coa puntualidade debida os cambios experimentados na situación familiar que poidan afectar á Seguridade Social ou ao tipo de retención do IRPF. A falta maliciosa nestes casos poderá considerarse moi grave.

4. Entregarse a xogos ou distraccións, calquera que sexan, estando de servizo.

5. A simulación de enfermidade ou accidente.

6. A desobediencia ás ordes e instrucións de traballo, incluídas as relativas ás normas de seguridade e hixiene, así como a imprudencia ou negligencia no traballo, salvo que delas derivasen prexuízos graves á empresa, causaren avarias ás instalacións, maquinaria e, en xeral, bens da empresa ou comportasen risco de accidente para as persoas, nese caso serán consideradas como faltas moi graves.

7. A falta de comunicación á empresa dos danos ou anomalías observados nos traballos, maquinaria, útiles, ferramentas e vehículos ao seu cargo, cando diso se derive un prexuízo grave á empresa.

8. Simular a presenza doutro traballador, fichando, contestando ou asinando por el.

9. A negligencia ou desidia no traballo que afecte á boa marcha do servizo.

10. A imprudencia en actos de servizo. Se implicase risco de accidente para o traballador, para terceiros ou perigo de avaría para as instalacións considerárase moi grave.

11. O quebrantamento ou violación de segredos de reserva obrigada, sen que se produza grave prexuízo á empresa.

12. A execución deficiente dos traballos encomendados, sempre que diso non se derivase prexuízo grave para as persoas ou as cousas. As ditas faltas, que afectan o resultado económico

da empresa, serán baremadas economicamente descontando o seu custo ao responsable ou responsables desta. A reincidencia nestas actuacións será considerada falta moi grave.

13. A diminución do rendemento normal no traballo de maneira non repetida.

14. A reincidencia en faltas leves (incluídas as de puntualidade), aínda que sexan de distinta natureza, dentro dun trimestre, mediando notificación escrita.

15. Falta notoria de respecto ou consideración a clientes, asociados ou alumnos.

16. Discusións cos compañeiros de traballo en presenza de terceiros.

#### Artigo 32.- Faltas moi graves

Consideraranse como tales as seguintes:

1. As faltas inxustificadas de puntualidade en máis de 10 veces durante un período de seis meses consecutivos ou 20 durante doce meses.

2. As faltas inxustificadas de asistencia ao traballo en número de tres ou máis nun período de dous meses consecutivos.

3. A indisciplina, a desobediencia ou a negligencia no traballo evidenciadas de forma grave e notoriamente prexudicial para a empresa.

4. As ofensas verbais ou físicas, incluídas as de natureza sexual, ao empresario/a ou ás persoas que traballen na empresa ou aos familiares que convivan con eles. Os malos tratos de palabra ou obra, abuso de autoridade ou falta grave de respecto e consideración a xefes, compañeiros ou subordinados, así como a terceiras persoas, sempre que neste último caso se produzan dentro das dependencias da empresa ou durante acto de servizo en calquera lugar.

5. A transgresión da boa fe contractual, a fraude, a deslealdade, o abuso de confianza, a concorrencia desleal e aquelas outras condutas que atenten fidedignamente contra o principio de fidelidade á empresa.

6. A diminución continuada e voluntaria no rendemento do traballo pactado ou ordinario establecido.

7. A fraude, deslealdade ou abuso de confianza nas xestións encomendadas e o furto, roubo e malversación que afecte á empresa, aos seus intereses, aos compañeiros traballadores ou calquera outra persoa dentro das dependencias de traballo ou durante acto de servizo en calquera lugar. Igualmente, calquera outra clase de feitos que poida ocasionar naquela desconfianza fundada respecto do seu autor.

8. O encubrimento e a complicidade equipararanse cando tales condutas ou circunstancias queden suficientemente acreditadas.

9. Orixinar rifas ou pendencias graves cos compañeiros.

10. As ausencias e abandono do posto de traballo inxustificadamente, sempre que aquel fose de responsabilidade, ocasionase grave prexuízo ao proceso produtivo, deterioración nas cousas ou risco para as persoas.

11. A embriaguez e a toxicomanía durante o servizo.

12. A conduta acreditada que produza o acoso sexual cara a calquera traballador ou traballadora da empresa. No caso de que se probase que se exercese calquera represalia contra a persoa denunciante do acoso sexual, considerarase un agravante para a determinación da sanción a impor ou, no seu caso, á imposición dunha nova sanción en consonancia coa devandita conduta.

13. Realizar, sen o oportuno permiso, traballos alleos á empresa durante a xornada ou empregar para usos particulares ferramentas desta, mesmo cando iso ocorra fóra da xornada de traballo.

14. Facer desaparecer, inutilizar, esnaquizar ou causar danos en primeiras materias, útiles, ferramentas maquinarias, aparellos, instalacións, edificios, aveños ou documentos da empresa.

15. A continuada e habitual falta de aseo e limpeza, de tal índole que produza queixas xustificadas dos seus compañeiros de traballo.

16. Violar o segredo da correspondencia ou documentos reservados da empresa ou dos seus traballadores.

17. Revelar a elementos estraños á empresa datos de reserva obrigada.

18. Dedicarse a actividades que a empresa declarase incompatible.

19. Causar accidente grave por imprudencia ou negligencia inescusables.

20. A reincidencia en falta grave, sexa cal for a súa clase e natureza, sempre que se cometa dentro dun período de seis meses desde a primeira.

#### Artigo 33.- Sancións

Corresponde á empresa a facultade de impor sancións. De toda sanción, salvo a amoestación verbal, daráselle traslado por escrito ao interesado, quen deberá acusar recibo ou asinar o “informado” da comunicación. As sancións que se imponhan segundo as faltas cometidas, serán as seguintes:

a) Por faltas leves: amoestación verbal, amoestación por escrito ou suspensión de emprego e soldo ata dous días, comunicándollo ao traballador.

b) Por faltas graves: suspensión de emprego e soldo de tres ata quince días ou inhabilitación temporal, por prazo de ata dous anos, para pasar a niveis profesionais superiores.

c) Por faltas moi graves: suspensión de emprego e soldo de dezaseis a noventa días; inhabilitación temporal, por prazo de ata catro anos, para pasar a niveis profesionais superiores ou despedimento.

Se se detectaran actuacións negligentes dos traballadores que ocasionen perdas económicas en material, clientes e resto de empregados, a empresa poderá descontar o valor das devanditas perdas ao responsable ou responsables destas.

#### Artigo 34.- Prescrición

As faltas leves prescribirán aos dez días; as graves, aos vinte días e as moi graves, aos sesenta días a partir da data en que a empresa tivo coñecemento da súa comisión, e en todo caso, ao seis meses de cometerse.

#### Artículo 35.- Vixilancia da saúde

A empresa garantirá a vixilancia periódica do persoal, en función dos riscos inherentes ao traballo. Esta vixilancia será voluntaria e só poderá realizarse se o traballador/a presta o seu consentimento, se optase por non realizar a revisión deberá asinar a súa renuncia expresa.

#### Artigo 36.- Plan de igualdade

A empresa e a representante dos traballadores estudarán medidas que fomenten, a igualdade de oportunidades de homes e mulleres na empresa, en liña co marco normativo de non discriminación entre o persoal, calquera que sexa a súa idade, sexo ou condición.

#### Táboa salarial

Grupos; 2021; 2022; 2023

Grupo I; ---; +0,75%; +1%

Dirección xeral; 2.000 €; 2.015 €; 2.035 €

Director de departamento; 1.500 €; 1.511,25 €; 1.526 €

Grupo II

Responsable de área.; 1.400 €; 1.410,5 €; 1.425 €

Oficial 1.<sup>a</sup>; 1.300 €; 1.310 €; 1.323 €

Oficial 2.<sup>a</sup>; 1200 €; 1.209 €; 1.221€

Auxiliar administrativo; 1.100 €; 1.108,25 €; 1.119 €



Grupo III

Persoal subalterno; SMI; SMI; SMI

Persoal de limpeza; SMI; SMI; SMI

Pola empresa. Asinado: ---

Polos traballadores. Asinado: ---

## Consellería de Empleo e Igualdad

### Jefatura Territorial

Ourense

Servicio de Empleo y Economía Social

Convenio o Acordo: Apetamcor

Expediente: 32/01/0021/2021

Fecha: 11/05/2021

Asunto: resolución de inscripción y publicación

Código de convenio número 32100232012021.

Antecedentes

